



## Concello de Cospeito

**Asunto: OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CAMIÑO DA CHAIRA IX"**

**Expte.: 1127/2025**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

-Por resolución de Alcaldía número 2026-0304 de data 7 de maio de 2026 resultaron aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación temporal do persoal docente , administrativo de apoio e director do obradoiro dual de emprego Camiño da Chaira IX financiado ao abeiro da Resolución de concesión de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "CAMIÑO DA CHAIRA IX" solicitada polo Concello de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito segundo a solicitude presentada a partir da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (procedemento TR353A). Para elaborar estas bases respéctanse as instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación para o emprego o 20/04/2026.

Vista a acta do Tribunal de selección de data 21 de maio de 2026 .

Vista a Resolución da Alcaldía nº354-2026 de data 26/05/2026 nomeando o persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro dual de emprego " CAMIÑO DA CHAIRA IX.

Vista as renuncias presentadas para o posto de dirección de Dº BLANCO PUENTE MARTA co RE -410 en data 18/05/2026 e das renuncias presentadas con RE-425 en data 29/05/2026 por VÁZQUEZ ALCALDE MARGARITA, e con RE- 443 en data 31/05/2026 por RODRIGUEZ CABANA LUCIA.

Vista as as bases no seu punto oitavo.." Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que superasen o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases..."

Visto que por resolución de Alcaldía número 2026-0372 de data 1 de xuño de 2026 se aceptan as renuncias presentadas para o posto de dirección do obradoiro , e se acorda iniciar un novo procedemento selectivo para o posto de "Director" do obradoiro dual de emprego " CAMIÑO DA CHAIRA IX" axustándose este proceso as bases aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 7 de maio de 2026.

Vista a Resolución da Alcaldía nº381-2026 de data 04/06/2026 nomeando os membros do tribunal Tribunal Cualificador para o proceso de selección de 1 director/-a (xornada completa).

- A Oficina de Emprego de Vilalba remitiu ao tribunal de selección a relación de persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por cada posto.

**Concello de Cospeito**

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

**DECRETO**  
Número: 2026-0403  
Data: 09/06/2026

Cod. Validación: AYNT9KFEW5HQGTNMY6K4LJITXT  
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





## Concello de Cospeito

As cales debían de presentar a documentación que acredita os méritos o día 8 de xuño de 2026 no concello de Cospeito ás 10:30 horas.

Vista a acta do tribunal de data 8 de xuño de 2026.

Vista a documentación presentada por os candidatos

Vista as as bases no seu punto oitavo..” Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que superasen o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases...”

Con base no anterior e á vista de todo o que consta no expediente, RESOLVO:

**PRIMEIRO**, En base a proposta por parte do Tribunal no proceso selectivo nomear ao aspirante para os seguinte posto de traballo:

.

**DIRECTOR:**

- SANGIAO PUENTE JOSE CARLOS

.

**SEGUNDO.-** - Aceptar a renuncia presentada para o posto de monitor de levantamentos e replanteos de D. Jose Carlos Sangiao Puente con RE-475 de data 9/06/2026 de conformidade co establecido no punto oitavo das bases reguladoras da convocatoria, acórdase nomear para o devandito posto ao seguinte aspirante incluído na lista de reserva da correspondente praza, seguindo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

- RODA BARRERA JAIME

**TERCEIRO.-** Que se comunique esta contratación á Intervención municipal, a Tesourería municipal e ao organismo competente da Xunta de Galicia aos efectos que procedan, así como a Oficina de emprego de Vilalba para tramitar novamente a Oferta de emprego do posto de dirección do obradoiro dual de emprego “ CAMIÑO DA CHAIRA IX”.

.

**CUARTO.-**- Dar conta da presente resolución ó seguinte Pleno ordinario que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvaríño, en Cospeito; do que eu, como Secretaria, dou fé.

Don Armando Castosa Alvaríño,

Dona Ana María Rubiera Álvarez

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

DECRETO  
Número: 2026-0403  
Data: 09/06/2026

Cod. Validación: AYNT9KFEW5HQGTNMY6K4LJITXT  
Corrección: <https://concellodecospoito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





## Concello de Cospeito

---

Alcalde-presidente

Secretaria Xeral

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

**DECRETO**  
Número: 2026-0403    Data: 09/06/2026

Cod. Validación: AYNT9KFEW5HQGTNMY6K4LJITXT  
Corrección: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

---

**Concello de Cospeito**

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

